





Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 113/2019**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por  , mediante escrito do 13 de agosto de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2019, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de agosto de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 19 de xullo de 2019, da Directora de Urbanismo do Concello da Coruña, pola que se lle concede acceso parcial ao expediente municipal núm. 620/2003/3 de expropiación Castro de Elviña (Elviña II fase)

O reclamante indicaba que a denegación fundaméntase brevemente na alegación a unha instrución de carácter interno sen motivar en base a cales das causas previstas na Lei 19/2013 basease para inadmitir a petición, sen prexuízo da disociación que cabería en caso de valorar datos persoais susceptibles de protección conforme a normativa comunitaria e nacional. Solicita que lle sexa recoñecido o dereito de acceso de forma plena nos termos expostos na solicitude presentada inicialmente xa que a documentación solicitada é concreta e singular,

de libre acceso a todos os cidadáns e non se atopa en curso de elaboración como é público e notorio como se colixe nos medios de difusión pública local.

O interesado acredita a súa identidade mediante a presentación de copia do DNI a requirimento da Secretaría da Comisión da Transparencia.

**Segundo.** Con data 20 de Agosto de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data 23 de Setembro de 2019 o Concello da Coruña contesta a petición remitindo o informe solicitado.

O concello informa que o solicitante refírese a unha peza separada do expediente expropiatorio que corresponde a unha situación física e xurídica diferente a da súa parcela, que non está incluída na zona de protección arqueolóxica, e, esta última, foi obxecto de valoración por un órgano especializado distinto (Comité de expertos).

En concreto a súa parcela foi valorada polo Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) no acordo de 4 de novembro de 2010 como solo rústico, acordo que foi confirmado por sentenza firme do TSXG o 29 de decembro de 2014 no PO 7617/11.

O Comité de Expertos formouse para dar cumprimento ao acordo do XEG de 1 de febreiro de 2007, no que se inhibía para poder valorar os restos arqueolóxicos e remitía as parcelas que estaban incluídas na zona de protección arqueolóxica ao dito comité. Este non é o caso da parcela dos solicitantes.

A solicitude de acceso á información tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 28 de maio de 2019, e por cambios na corporación municipal non foi posible efectuar a resolución ata o 11 de xullo de 2019, motivo polo que se resolveu fora do prazo.

O expediente da Comité de Expertos non está pechado dado que están pendentes de realizar os pagos correspondentes á execución da sentenza fundada no dítame do citado Comité, non obstante e dado que hai unha peza separada co número de expediente 620/2019/38, no que se inclúen as sentenzas e o ditame relativo aos pagos relacionados co Comité e tras analizar o contido da citada documentación esta administración resolveu ampliar o acceso concedido a determinada documentación que se relaciona no informe.

O informe establece que o acceso pleno ao expediente 620/2003/3 non é posible posto que este inclúe as pezas separadas de fixación do prezo xusto de cada unha das parcelas obxecto de expropiación e por tanto, contén datos persoais e concretos de bens e dereitos de terceiras

persoas que non son o obxecto da solicitude presentada, dado que só se solicita información relativa as decisións e ditames do Comité de Expertos.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera

que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao a resolución impugnada ditouse o 19 de xullo de 2019 e o recurso tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 13 de agosto de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou a acceso a un expediente concreto, expediente municipal núm. 620/2003/3 ou a aquel no que deba decidir o Comité de Expertos sobre a valoración das parcelas remitidas polo Xurado Provincial de Expropiación afectadas polo ámbito do Plan Especial de Protección e Recuperación do Castro de Elviña (Elviña II fase).

O concello resolve dándolle acceso parcial ao referido expediente, en todo aquilo que forme parte das actuación de ocupación e pago da parcela da que o solicitante é titular, denegándolle o acceso as partes do expediente nas que non teñan consideración de interesados no procedemento.

Posteriormente, (sen que se coñeza a data, dado que o concello non remite a copia do expediente que se lle requiriu), e dado que existe unha peza separada co número de expediente 620/2019/38, no que se inclúen as sentenzas e o ditame relativo aos pagos relacionados co Comité, e tras analizar o contido da citada documentación, resolveu ampliar o acceso concedido a determinada documentación que se relaciona no informe pero non á totalidade do expediente. Xustifica a denegación de acceso a parte do expediente que contén datos persoais e concretos de bens e dereitos de terceiras persoas que non son o obxecto da solicitude presentada.

Fronte a calquera denegación de acceso á información pública a calquera persoa polo feito de non ter a condición de interesado no expediente, debe terse en conta que o concepto de interesado en materia de transparencia, ten unhas peculiaridades respecto do concepto de interesado nun procedemento administrativo. De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 19/2013, o dereito de acceso á información pública recoñécese a todas as persoas, polo que é suficiente con acreditar a identidade do solicitante (artigo 17.2) sen que se poida esixir a motivación da solicitude (artigo 17.3) e se o interesado motiva a súa solicitude, a motivación poderá ser tida en conta cando se dite a resolución; non obstante, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.

A Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, amplía aínda máis os dereitos do interesado, pois no artigo 24 equipara o interesado coa cidadanía en xeral. O artigo 24 reforza o dereito desta cidadanía e establece que no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública, garantiráselle ao interesado a posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou doutras Leis. Por tanto, é irrelevante que o solicitante de información pública teña ou non relación coa

administración, coa materia da que solicita información, ou o seu lugar de residencia. O dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito do interese, senón polo feito de que se fai unha solicitude sobre unha materia que non está excluída ou limitada no seu acceso pola normativa vixente, porque a transparencia implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos gobernantes, no sentido máis amplo, calquera información pública que xulgue oportuna.

De acordo co anterior, o acceso ao expediente non pode estar limitado á parte do expediente que corresponda coa parcela do solicitante, como fixo a resolución que se impugna (Resolución do 19 de xullo de 2019, da Directora de Urbanismo do Concello da Coruña).

En posterior resolución do Concello, da que esta comisión descoñece a data, se dá acceso ao interesado a outros documentos do expediente, pero non á súa totalidade, xustificando a denegación en que contén pezas separadas de fixación do prezo xusto de cada unha das parcelas obxecto de expropiación e por tanto, contén datos persoais e concretos de bens e dereitos de terceiras persoas que non son o obxecto da solicitude.

En materia de protección de datos de carácter persoal, o artigo 15 da Lei 19/2013, establece que se a información solicitada contén datos especialmente protexidos (ideoloxía, afiliación sindical, relixión etc ) o acceso unicamente poderase autorizar no caso de que se contase co consentimento expreso e por escrito do afectado, agás que o afectado fixese manifestamente públicos os datos con anterioridade a que se solicitase o acceso. Se os datos fan referencia á orixe racial, á saúde ou á vida sexual, datos xenéticos ou biométricos ou datos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas, unicamente se pode autorizar si se conta co consentimento expreso do afectado ou se está amparado por unha norma con rango de Lei.

Con carácter xeral, a Lei establece que se concedera o acceso a información que conteña datos meramente identificativos, concederáse o acceso previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación e os dereitos dos afectados, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal.

Para a realización da citada ponderación, o suxeito obrigado, neste caso o Concello, deberá tomar particularmente en consideración o menor prexuízo dos dereitos dos afectados no caso de que os documentos unicamente contivesen datos de carácter meramente identificativo daqueles, ou a maior garantía dos dereitos dos afectados no caso de que os datos contidos no documento poidan afectar á súa intimidade ou á súa seguridade. O anterior non será aplicable se o acceso se efectúa previa disociación dos datos de carácter persoal de modo que se impida a identificación das persoas afectadas.

No presente caso, non consta que na información solicitada existan datos especialmente protexidos, nin que por parte do Concello da Coruña se fixera ningún tipo de valoración entre o interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados, existindo en todo caso a posibilidade de disociación dos mesmos, sempre que dita disociación non faga que a información solicitada careza de sentido ou coherencia.

De acordo co anterior, procede a estimación expediente da reclamación presentada para a retroacción do expediente, debendo o concello ditar nova resolución na que, previa apertura do trámite de audiencia aos terceiros interesados, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, de forma motivada, realice a ponderación entre o interese público de conceder o acceso á información que poda verse afectada de forma clara pola protección de datos de carácter persoal, (artigo 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei).

A resolución que se dite, debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar para a retroacción do expediente, de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto deste resolución, a reclamación presentada por [REDACTED] contra a resolución do 19 de xullo de 2019, da Directora de Urbanismo do Concello da Coruña, pola que se lle concede acceso parcial ao expediente municipal núm. 620/2003/3 de expropiación Castro de Elviña (Elviña II fase)

**Segundo:** Instar ao Concello da Coruña, a que, finalizado o trámite de audiencia, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada nos termos establecidos no fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello da Coruña, a que, resolta a petición, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**